

# CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA- PÁX.1

Organismo: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

## SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 7 de abril de 2017, pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación, convocado pola Orde do 13 de outubro de 2016 (Diario Oficial de Galicia do 7 de novembro).

## TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

En aplicación do disposto na base décimo sexta da Orde do 13 de outubro de 2016 (DOG do 7 de novembro), pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

## RESOLVE:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados específico convocado pola citada orde.

Segundo. A toma de posesión dos destinos acadados neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2017, e o cesamento no seu destino de procedencia o 31 de agosto deste ano.

Terceira. Contra esta resolución o persoal interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA- PÁX.2**

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos



**José Manuel Pinal Rodríguez**

**INSÍRASE NO DOG**